



## **ANEXO**

### **OPERATIVA APLICABLE AO PROGRAMA DIDÁCTICO DE VISITAS GUIADAS ÁS SEDES DA XUNTA DE GALICIA E DO PARLAMENTO GALEGO POR ALUMNADO DE 5º E 6º DE PRIMARIA E 1º E 2º DA ESO**

Consonte ao establecido na Recomendación 2006/962/EC, do 18 de decembro de 2006, do Parlamento Europeo e do Consello, sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente, os currículos establecidos en Galicia para o ensino obrigatorio incorporan o desenvolvemento de competencias clave, entendidas como aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para o exercicio da cidadanía activa, a inclusión social e o emprego, incluídas as de carácter social e cívico. Estas competencias clave teñen un carácter integral e transversal a todas as materias do currículo.

En efecto, a Xunta de Galicia é consciente da relevancia que ten a formación do alumnado en valores democráticos para o exercicio das competencias sociais e cívicas, así como para a interacción e participación no ámbito público desde os principios de democracia, transparencia e goberno aberto. Por isto, impulsou, mediante o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, a posibilidade, prevista nos artigos 13.3, 13.4, 30.5, 30.6, 31.5 e 31.6, de ofertar, dentro das materias de libre configuración autonómica elixibles polos centros docentes no horario establecido como de libre configuración, a materia “Valores democráticos Europeos” en 1º e 2º de educación secundaria obrigatoria. Esta materia ten por obxecto promover os valores necesarios para o exercicio dunha cidadanía democrática e para construír unha sociedade mais xusta, igualitaria e transparente .

Neste sentido, co fin de promover un Programa de actividades que encaixe no proceso educativo continuo de formación dunha cidadanía democrática activa, tolerante, solidaria e crítica, na que o diálogo democrático e a xustiza se erixan como referentes para a



convivencia social, o 18 de decembro de 2017 asinouse un convenio de cooperación entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en representación da Xunta de Galicia e o Parlamento de Galicia, cunha vixencia inicial estendida ata o 1 de setembro de 2020. O obxecto deste convenio é a organización conxunta dun Programa de carácter educativo, apoiado en visitas didácticas de escolares de centros educativos galegos de titularidade pública ás sedes de ambas as dúas institucións, de xeito que os alumnos visitantes reciban de primeira man información sobre o desenvolvemento das principais funcións de cada unha das institucións asinantes, nos lugares onde estas desenvolven as súas competencias, obedecendo deste xeito á responsabilidade e ao compromiso delas coas xeracións máis novas.

O programa de actividades descrito está **dirixido exclusivamente ao alumnado de 5º e 6º de primaria e de 1º e 2º de ESO**, se ben inicialmente darase preferencia na selección aos alumnos de centros de ensino que impartan a materia de libre configuración autonómica de Valores Democráticos Europeos, ou similar de libre configuración do centro.

En todo caso, os centros participantes **formarán grupos dun mínimo de 30 e un máximo de 60 participantes**. Nos grupos formados enténdense **incluídos obrigatoriamente os membros do equipo docente requiridos para acompañar ao alumnado durante as visitas**.

Con carácter previo á realización efectiva das visitas, o Programa didáctico desenvolverase dentro das aulas, mediante a entrega dos materiais de traballo proporcionados polas institucións asinantes do convenio. Estes materiais darán resposta aos obxectivos e finalidades do Programa didáctico, incluíndo os contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe correspondentes e a posible integración curricular e vínculo co desenvolvemento das competencias clave.

Logo de realizar o traballo previo de formación nas aulas, poderanse concertar polos colexios as visitas didácticas ás institucións.



A este respecto, os centros educativos interesados **enviarán**, unha vez cuberto na súa totalidade, **o formulario ao seu dispor no enderezo electrónico:** <http://www.parlamentodegalicia.gal/AsTuasInstituciones/> . **O prazo de inscrición** no Programa establecido neste ano e nos sucesivos de vixencia do convenio esténdese **dende a data de revisión en aula do material didáctico recibido ata o último día do mes de maio de que se trate.**

Á vista das solicitudes recibidas, o Parlamento comunicará á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria as datas posibles para as visitas á Institución Autonómica, de xeito que, unha vez acordadas entre ambas as dúas institucións as datas axeitadas, **o Parlamento as confirmará aos colexios solicitantes.**

Ambas as dúas institucións asinantes do convenio de cooperación financiarán, con cargo aos seus respectivos orzamentos, as expedicións de transporte do alumnado e profesorado acompañante dos centros de ensino público participantes, dende o centro educativo, ata as sedes de ambas institucións e o regreso ao orixe, **ata un máximo de trinta mil euros por curso escolar.** Unha vez superado dito límite máximo de gastos, no curso escolar non poderanse financiar mais visitas, de xeito que, de existiren centros autorizados, levarán a cabo o programa durante o curso escolar seguinte.

Con posterioridade á comunicación de selección aos centros educativos para o programa didáctico, **as Direccións correspondentes procederán a realizar os encargos das expedicións a empresas de transporte de viaxeiros por estrada** que contén coas autorizacións de transporte requiridas e con seguros de pasaxeiros en vigor.

**As tarifas obrigatorias** establecidas para o efecto presentan os seguintes parámetros fixos :

Prezo base	Prezo por Km	Prezo por praza ocupada
128,46 €	0,83 €	0,40 €/día

Neste sentido, a título de exemplo, nun autobús con 42 prazas ocupadas entre alumnado e profesorado, que realice o traxecto entre Ourense e Santiago ida e volta



(106 km de distancia polo camiño máis directo, en consecuencia 212 km tendo en conta a ida máis a volta):

Ourense – Santiago – Ourense	212 Km.
Prezo base	128,46 €
212 Km x 0,83 €	175,96 €
42 prazas x 0,40 €	16,80 €
Total factura deste servizo	321,22 €

Todas as tarifas levan o IVE incluído

Unha vez realizado o encargo, a dirección do centro deberá comunicar á Consellería, a través do correo electrónico [transporteescolar.santiago@edu.xunta.es](mailto:transporteescolar.santiago@edu.xunta.es) a empresa á que se lle realizou o encargo e o importe do mesmo.